



R E V I S T A O R A L

Nº 1

Sábado, 31 de marzo de 2012. Revista oral de periodicidade anual, editada polo Museo Fortaleza San Paio de Narla (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **19 horas**. Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol (Lugo). Duración aprox.: **1:30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

SUMARIO

Portada musical

Alén do teu recordo (letra: Marica Campo e Mero Iglesias), por **Mini e Mero** (3')

Coleccións do Museo Fortaleza San Paio de Narla

Ao trope e ao paso (útiles de montar), por **Mª Rosario Fernández González** (10')

Música

A Rosiña do Estanqueiro (Parrafeo tradicional), por **Mini e Mero** (3')

Algo de literatura (I)

"Tres edificios"(fragmento), do libro *Finísimo pónas ás*, por **Xerardo Quintiá** (5')

Música

Penélope (Letra: **Xosé Mª Díaz Castro**. Música: **Mero Iglesias**), por **Mini e Mero** (3')

Algo de historia

O farmacéutico Julio Castro Ves en Friol, por **Higinio Martínez Fernández de la Vega** (10')

Música

Aradiño (letra: Manuel María / Música: Antón Campelo), por **Mini e Mero** (3')

Algo de literatura (II)

"Tres edificios"(fragmento), do libro *Finísimo pónas ás*, por **Xerardo Quintiá** (5')

Algo de tradición musical

Xota de Caroi, Muñeira de Calvos e Mazurca de Lampai, polas **Pandereiteiras do CPI Dr. López Suárez de Friol** (10')

Friol na internet

O blog "Friol. Algo máis que pan e queixo", por **José Mª Carricoba Armesto e Blanca Castro Gerpe** (10')

Música

Aquí (letra e música: **X. L. Rivas Cruz**), por **Mini e Mero** (3')

Algo de literatura (e III)

"Son de nácará", "Volver sobre as cousas", "Ir polo camiño e sentir" e "Mazinguer Z coroad de chorimas", poemas do libro *Fornelos & Fornelos. Primeira Fundación*, por **Xerardo Quintiá** (5')

Algo de memoria

"Tiempo de ilusión. Tiempo de recuerdo", programa da serie "Vivir cada día" de TVE dirixida por J. Luis Rodríguez Puértolas, emitido o 28 de marzo de 1979. Protagonizado por varios nenos e nenas, a mestra e outras persoas de Friol (12')

Música

Canto de berce (tradicional), por **Mini e Mero** (3')

Opinión

Intervención do público (5')

Epílogo

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Crime da Xestosa (tradicional, letra de **Prado Lameiro**), por **Mini e Mero** (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

M^a del Rosario Fernández González.- Nacida en Lugo en 1968, é licenciada en Xeografía e Historia, especialidade de Museoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Museoloxía e Museos pola Universidade de Alcalá. Desde hai dezasete anos ocupa a praza de Técnica da Sección de Artes Decorativas e Etnografía no Museo Provincial de Lugo e na actualidade é a Responsable do Departamento de Artes Decorativas e Etnografía. Realizou a reforma museográfica do Museo Fortaleza de San Paio de Narla e foi comisaria de numerosas exposicións en Italia, Polonia ou Portugal, así como no propio centro de traballo. Publicou varios catálogos razoados sobre coleccións do MPLugo: *Aleteos*, *Tempora Mutantur* (xunto con Fernando Arribas Arias), *Arte Africana*, *Ourivería Tradicional do Museo Provincial de Lugo...* e está a rematar o catálogo das coleccións do Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

Mini e Mero.- Mini (Xosé Luís Rivas Cruz), nado en Begonte o 18 de xuño de 1951, e Mero (Baldomero Iglesias Dobarrio), Vilalba, 27 de xuño de 1951. Músicos, poetas, mestres e investigadores do folclore e a cultura tradicional de Galicia, membros históricos de Fuxan os Ventos e actuais compoñentes de A Quenlla. Ademais da súa producción discográfica con estes grupos, teñen participado por separado ou conxuntamente noutros discos de música galega como o Quiquiriquí (2006) producido pola Asociación de Gaiteiros Galegos e en obras teatrais como Pan, catro propostas arredor da malla e publicado diversos libros. É salientable o seu labor de recompilación de contos, lendas, refráns, ditos ou poemas, principalmente na súa Terra Chá natal e nas zonas onde exercen o seu traballo de mestres: Mesía (Mero) e Boimorto (Mini). O arquivo sonoro froito deste labor, composto por milleiros de cintas magnetofónicas, foi cedido ao Museo do Pobo Galego para a súa dixitalización e incorporación ao Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI). No campo educativo son autores de diversos libros de texto de ciencias sociais, naturais e lingua galega para o ensino infantil e primario. En abril de 2009 foilles concedido o Pedrón de Ouro, e en outubro de 2011 o Premio Ramón Piñeiro "Facer país" como recoñecemento á súa traxectoria de corenta anos de investigación musical.

Higinio Martínez Fernández de la Vega.- Nace en Friol (Lugo) en 1936. É licenciado en Dereito pola USC e Diplomado de Personal pola Escola Superior de Administración e Dirección de Empresas (ESAD) de Barcelona. Pertence ao Corpo Técnico Superior da Administración da Seguridade Social. Estivo destinado en Barcelona, A Coruña e Lugo, onde ocuopou postos directivos na Comisión Técnica Evaluadora de Incapacidades, no INSERSO, no INSS e na Tesourería Territorial da Seguridade Social. Posteriormente pasou ao Corpo de Letrados da Xunta de Galicia. Tras a xubilación exerceu a avogacía. É coautor do libro "La Seguridad Social en la Administración Institucional", autor dun traballo sobre o concello de Friol publicado na revista *Lucus* e doutro na *Revista Española del Daño Corporal* sobre a Seguridade Social. Na década dos 50-60 foi colaborador de *El Progreso* sobre temas relacionados co concello de Friol.

Xerardo Quintiá.- Naceu en Friol, Lugo, en 1970. Poeta, narrador e autor de literatura infantil. Publica os seus primeiros traballos en 1988, no suplemento cultural "Táboa Redonda" do diario *EL Progreso*, de Lugo e, posteriormente, colabora en revistas especializadas como *Dorna ou Xistral*. O corpo da súa poesía comprende libros como *Ailalalalelo de auga*, Edicións do4, 2001; *Poesía en ruta* –premio Fermín Bouza-Brey 2005– publicado por Espiral Maior no ano 2007; e "FORNELOS & FORNELOS, primeira fundación", –premio Fiz Vergara Vilariño 2010–. No eido da narrativa ten publicado *Finísimo po nas ás*, ano 1997; *Unha soa man e outros intres*, ano 1999; *Un rabaño de ovelas brancas*, ano 2001: todos eles da man da Editorial Galaxia. No ano 2002, da man de Franka Editora publica *O libro dos aparecidos*. No ano 2011, da man da Editorial Galaxia, publica un novo libro de relatos titulado "Hotel Cidade Sur". Para o público infantil iníciase coa novela "A verdadeira historia do burro Feldespato", publicada no ano 2002; a esta novela seguiríalle "Ke-Tumba Ke-Tamba", finalista do premio Raíña Lupa do ano 2006: ambas publicadas por GALAXIA na colección ÁRBORE. Para primeiros lectores, da man de OQO EDITORA, no ano 2007 publica "Titirites", unha historia de amor entre dúas princesas traducida ás principais linguas europeas.

"Friol: Algo máis que pan e queixo".- Son dous os coordinadores e responsables do blog "Friol: Algo máis que pan e queixo": **Blanca Castro Gerpe**, nacida en Pontevedra e con destino no CPI de Friol desde o curso 2003/04, como profesora de Xeografía e Historia, centro no que asume a Xefatura do Departamento de Ciencias Sociais. **José M^a Carricoba Armesto**, nacido en Lugo, e con destino no citado centro escolar dende o curso 2000/2001, no que exerce como mestre de L. Galega e asume a coordinación do proxecto Abalar. Tendo participado anteriormente noutros proxectos de dinamización cultural, sempre no ámbito escolar, decidiron crear esta bitácora que dende setembro do ano 2008 vai publicando todo aquilo que, relacionado co patrimonio –tanto material como inmaterial–, ofrece este concello friolés.

Pandereiteiras do CPI Dr. López Suárez de Friol.- O *Obradoiro de canto tradicional e pandeireta* naceu a raíz da actividade de ir cantar os reis, no Nadal do 2009. Ao decatámonos de que no curso que se facían os cantos (1º de ESO) non había ningún alumno ou alumna que tocase instrumento algúin, decidimos ofertar esta posibilidade como actividade complementaria, coordinada por **Branca Nazaré Guerreiro Muñoz**. Pasaron polo obradoiro bastantes rapazas e un rapaz. Na actualidade continúan 4 mozas que xa teñen un nivel moi aceptábel de dominio do instrumento e de coñecementos das cantigas tradicionais. Son elas: **Marta Fernández García**, **Laura Barreiro Cobas**, **Rocío García Regueiro** e **Lidia Álvarez Argerey**. No momento de comezarmos con este obradoiro non había no Concello ningun grupo de música tradicional, nin se ofertaba ningunha actividade semellante dentro das extraescolares que se imparten no Centro. Na actualidade estas dúas situacións mudaron.

